

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

dirixida por Marta Pazos

MAR TES DE CAR NA VAL

de Ramón María del Valle-Inclán

caderno pedagógico



CADERNO PEDAGÓGICO

MARTES DE CARNIVAL

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
Santiago de Compostela, 2017



Caderno pedagógico. Martes de Carnaval

EDITA: Agadic. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

REALIZA: M^a Jesús Madera Seoane e M^a Teresa Leis Rey (GÁLIX)

DESEÑA: Trisquelia

Índice de contidos


Biografía	9
Datos da vida de Ramón M ^a del Valle-Inclán.	9
A construción do personaxe: de Ramón Valle Peña a Ramón M ^a del Valle-Inclán	11
Ideoloxía	12
Valle: escritor galego	13
Bibliografía	14
Principais obras de Valle-Inclán	14
A obra dramática de Valle-Inclán.	16
Martes de Carnaval	21
<i>Martes de Carnaval</i> : publicación e sentido da triloxía	21
Contexto histórico e literario	22
O teatro na época de Valle: teatro comercial fronte a teatro innovador	22
Estudo da obra	27
<i>As galas do defunto</i> : argumento e personaxes	27
<i>As galas do defunto</i> e a parodia	28
<i>A filla do capitán</i> : argumento e personaxes	34
A estética do esperpento e <i>A filla do capitán</i> .	35
A linguaxe do esperpento: reflexións do tradutor	39
Do texto ao espectáculo	43
As didascalias	43
A creación dos personaxes	44
Antes e despois. Somos espectadores	47
Mira e escoita: Para antes da representación...	47
Reflexiona e comenta: para falarmos despois de ir ao teatro. A charla no ambigú	51
A montaxe do CDG	53

Esta posta en escena	55
Texto de Marta Pazos, directora da obra	55
Texto da deseñadora de vestiario: Uxía Vaello	56
Texto da encargada de caracterización e maquillaxe: Esther Quintas	58
Texto do escenógrafo: Fernando Ribeiro	59
Texto do iluminador: Jose Álvaro Correia	60
Texto dos músicos: José Díaz e Hugo Torres	61
 Anexo de textos	 63
Nome real.	63
Aparencia física.	63
O carácter de Valle-Inclán	64
Visión da guerra	65
Lingua	66
Valle e o teatro	67
 Bibliografía consultada	 75
 Agradecementos	 78

Non é unha tarefa doada apreixar a complexidade dun autor como Valle-Inclán na necesariamente modesta extensión dunha guía didáctica. Tampouco o é iluminar dun xeito adecuado un texto e un espectáculo que nacen cunha vontade clara de desafío. Se constantemente don Ramón nos coloca como lectoras e lectores, como público, diante de camiños que se bifurcan, tamén é certo que axiña nos sentimos cegados polo seu talento, pola súa orixinalidade, pola contemporaneidade dun autor que non transitou vías trilladas.

Valle-Inclán





Biografía

Datos da vida de Ramón M^a del Valle-Inclán

Ramón José Simón Valle Peña nace en Vilanova de Arousa o 28 de outubro de 1866, fillo de Ramón Valle Bermúdez e de Dolores Peña Montenegro, con quen seu pai casara en segundas nupcias.¹ Valle-Inclán ten dous medio irmáns e tres irmáns (algúns deles morrerán durante os seus anos mozos), e o maior destes, Carlos, avogado e escritor, será un referente intelectual para Valle.

Seu pai pertencía a unha familia fidalga culta e ilustrada —mais vida a menos— que mantiña contactos cos intelectuais galegos do século XX. Valle Bermúdez foi director do xornal *La Voz de Arosa* e redactor (1864-1865) do semanario *La Opinión Pública* de Santiago, e desempeñou cargos na Gobernación de Pontevedra, como xefe de negociado e secretario do gobernador civil. Tales oficios paternos levaron a un Valle-Inclán de once anos a Pontevedra, onde estudou o bacharelato; ao rematalo, marcha a Santiago de Compostela (1895) para iniciar a carreira de Dereito, que adoita compatibilizar con cafés e tertulias, ao tempo que publica algunhas colaboracións en xornais e na revista ilustrada *Café con Gotas*². No curso 1888-1889 matricúlase na Escola de Artes e Oficios na disciplina de «Debuxo, Adorno e Pintura», mentres cursaba Dereito. Hai quen afirma que nos seus ratos libres tiraba na sala de esgrima aberta por Attilio Pontanari na rúa das Orfas³.

Na Compostela de finais do XIX hai un destacado movemento rexionalista, no que conviven a tendencia progresista liderada por Manuel Murguía e a máis conservadora de Alfredo Brañas. O Valle-Inclán universitario participará neste ambiente cultural, político e ideolóxico.

Tras morrer seu pai (1890), abandona os estudos de Dereito e instálase en Madrid, onde segue a colaborar en revistas e xornais. Entre os anos 1892 e 1893 vive en México, onde xa asina como Valle-Inclán as colaboracións que publica nos xornais *El Correo Español*, *El Imparcial* ou *El Veracruzano Libre*. Durante uns meses visita Cuba e regresa a Pontevedra en 1893; uns meses despois, torna a Madrid. A sona de Valle-Inclán esténdese pola capital tanto polo seu mérito literario (en 1895 publica *Femeninas*, e solicítalle a Murguía que o prologue) como pola súa vida bohemia, o seu aspecto físico, a súa vestimenta e o seu forte carácter.

Pero o retrato de Valle, aquel que todos temos na memoria, complétase en 1899 cando perde o brazo esquerdo tras unha discusión co xornalista Manuel Bueno no Café de la Montaña: nela, Valle recibiu un golpe na cabeza e outro co

© Valle-Inclán (1866-1936) retratado por Alfonso na Castellana (Madrid) en 1930.
Cátedra Valle-Inclán

1 A voda celebrouse contra a opinión do pai da noiva, por ser a noiva quince anos máis xoven có noivo e sobriña da primeira muller deste.

2 Dispónse dunha edición facsímile desta revista (Universidade de Santiago de Compostela, 1999).

3 No verán de 1893 retomarás as clases de florete e sabre con este profesor de esgrima e de italiano, e participará en varias exhibicións en Pontevedra.

bastón no pulso. O sangue que escorría polo seu cabelo fixo que non atenderan a rotura do óso no brazo: ao infectarse e gangrenarse houbo que amputarllo, o que trincou a súa incipiente carreira de actor.

Do 1903 ao 1916 Valle liderou a tertulia do Nuevo Café de Levante en Madrid. Nela participaban diversos artistas: pintores como Santiago Rusiñol, Romero de Torres, Penagos, Gutiérrez Solana, Regoyos ou Moya del Pino; escritores como Azorín, Pío e Ricardo Baroja, Corpus Barga, Antonio e Manuel Machado, Rubén Darío, Alejandro Sawa (no que se inspirará para trazar a personaxe de Max Estrella); así como outros creadores do momento. Cando estala a Gran Guerra, algúns destes tertulianos maniféstanse aliadófilos, e outros xermanófilos, polo que desaparecen estas reunións.

Durante estes anos madrileños Valle publica novelas, poemas e contos, e participa noutros proxectos culturais, en tertulias e postas en escena.

O 24 de agosto de 1907 casa coa actriz Josefina Blanco, coa que terá seis fillos: Concepción Luisa, Joaquín María, Carlos Luis, María de la Encarnación Beatriz, Jaime Clemente e María Ana Antonia, nomes estes que reflicten a súa ideoloxía carlista.

En 1910 vai de xira por América do Sur coa compañía teatral de María Guerrero, na que participa Josefina; á volta, actuarán en varias cidades españolas.

En 1913 inicia a publicación das súas obras completas baixo o título *Ópera omnia*, e encárgase persoalmente da edición, mesmo no que atinxe á tipografía, ás ilustracións ou aos motivos ornamentais.

☉ Motivo ornamental na edición de *Femeninas Seis historias amorosas* feita na imprenta de Andrés Landín en Pontevedra (1895). Cátedra Valle-Inclán



En 1916 é profesor da Cátedra de Estética na Escola Especial de Pintura, Grava- do e Escultura de Madrid, e comezan a traducirse ao francés algunhas das súas obras. Pero ao iniciarse a I Guerra Mundial, marcha a Francia como corresponsal de guerra para a prensa latina de América, declarándose aliadófilo; as súas vivencias bélicas reforzarán a súa crítica á sociedade española. (Ver texto en Anexo, páx. 66).

Tras a morte do seu fillo maior, Joaquín María, establécese cerca de A Pobra do Caramiñal, na finca La Merced.

En 1921 viaxa a México, convidado polo presidente Álvaro de Obregón para asistir á conmemoración da independencia do país. Alí pronuncia numerosas conferencias e recibe múltiples homenaxes. Este ano tamén consegue un importante contrato coa Editorial Renacimiento, que manterá ata a súa quebra en 1931.

En 1928 tradúcese ao inglés *Tirano Banderas*, e reedítase *Jardín umbrío* en Nova York.

Valle-Inclán convértese nesta época nun símbolo da oposición dos intelectuais ao réxime monárquico e á ditadura de Primo de Rivera: as súas frecuentes manifestacións supuxéronlle detencións e impediron a distribución de obras como *La hija del capitán*. (Ver texto en Anexo, páx. 68).

Cando se constitúe a Segunda República (1931), Valle está enfermo e a súa familia sofre privacións. En 1932 divórciase de Josefina e os seus fillos fican con Valle ao cargo de Benita, a criada. O Goberno da Segunda República, do que se declara seguidor, noméao Conservador Xeral do Patrimonio Artístico Nacional, en

1932. Tras dimitir do cargo, presidirá o Ateneo de Madrid e, posteriormente, será director do Museo de Aranjuez. Entre 1933 e 1935 desempeña, tras solicitalo, o cargo de director da Academia de Bellas Artes de España en Roma.

Tras regresar a Santiago de Compostela en 1935, morre dun cancro de vexiga⁴ o 5 de xaneiro de 1936.

A construción do personaxe: de Ramón Valle Peña a Ramón M^a del Valle-Inclán

A imaxe caricaturesca de excéntrico no vestir e apaixonado discutidor foi durante anos o referente dominante do noso escritor. As últimas investigacións achegan novas facetas do autor real e as máscaras que creou, e de feito algúns estudosos consideran que o mellor personaxe elaborado polo autor foi a creación de si mesmo como Ramón M^a del Valle-Inclán ou, con maior exactitude, as creacións sucesivas dese personaxe Valle-Inclán, xa que mudaba a estética en función dos cambios ideolóxicos. Así, do aspecto burgués de estudante pasou ao melenudo modernista, empapouse de dandismo e, ao abrazar o carlismo, corta a súa cabeleira e deixa medrar a barba.


Cambia o seu nome rescatando un apelido familiar (o de Francisco del Valle-Inclán, catedrático da Universidade de Santiago) para darlle sonoridade; coida a vestimenta e a súa aparencia física dotándoas con trazos estafalarios, inventa anécdotas biográficas e coida as súas intervencións públicas —tanto nas entrevistas coma nas tertulias—, nas que sempre crea polémica. Moitas das súas disputas remataban cun reto a duelo, unha denuncia no xulgado ou un texto incendiario no xornal: Valle non pasa desapercibido, non deixa a ninguén indiferente, para ben ou para mal. É absolutamente moderno porque é consciente da importancia da súa imaxe; crea o que hoxe denominaríamos un personaxe público e controla o que chamaríamos o seu «perfil», sacando proveito das caricaturas das que é obxecto e esaxerando os trazos.

Pero ademais de visibilizarse a través das súas máscaras, o escritor foi confundido cunha das súas creacións, o seu *alter ego*, o Marqués de Bradomín, ata tal


© Valle-Inclán ca. 1889. En Joaquín y Javier del Valle-Inclán. Catálogo Exposición Don Ramón María del Valle-Inclán (1866-1898), Santiago, Universidad de Santiago de Compostela, 1998, vol. I, p. 42. Cátedra Valle-Inclán

© Valle-Inclán nunha fotografía de Alfonso publicada no *Heraldo de Madrid* o 6 de xaneiro de 1936. Cátedra Valle-Inclán

© Caricatura obra de Castelao (1904). Cátedra Valle-Inclán



⁴ En 1933 xa se lle extirpara un cancro de vexiga.



© Valle-Inclán fotografado por Alfonso (1930).
Cátedra Valle-Inclán

punto que algúns coetáneos (Rubén Darío, Antonio Machado) dedícanlle poemas baixo ese título nobiliario. Título inexistente ata os anos 80 no que o rei Xoán Carlos I llo outorgou ao primoxénito do escritor.

Ideoloxía

Valle-Inclán amosou ao longo da súa vida posturas políticas moi extremas, pero todas elas coinciden no enfrontamento cos presupostos burgueses e o rexeitamento do sistema parlamentario. En palabras de Zamora Vicente, «cambiará rotundamente de credo político, pero siempre le perderá, en su conducta, en sus gestos, algo del gran señor autoritario y casi feudal que llevaba dentro, anclado gustosamente en un pasado brillante» (Zamora Vicente: 1990, páx. 56).

Na primeira década do XX abraza a ideoloxía carlista, e en 1910 recibe unha homenaxe no Círculo Tradicionalista de Bos Aires, e recoñécese como correligionario. Nese ano intenta ser deputado e a súa implicación vólvese aínda máis manifesta coa publicación de *Voces de gesta* (1911). Sen embargo, os conflitos europeos escindiron o bando carlista en xermanófilos e aliadófilos; Valle firmara con outros intelectuais un manifesto a favor do bando aliado que se publicou no xornal *El Liberal*, mentres que a maioría dos carlistas se declara xermanófila. Con todo, a súa defensa da ideoloxía carlista está constatada ata 1924.

O Goberno francés invítalo en 1916 a visitar as fronteiras de batalla e isto cambiará totalmente a súa visión da guerra: se anteriormente idealizaba nas súas obras a guerra carlista protagonizada por voluntarios que defendían unha crenza, agora

os combatentes reais loitan por motivos económicos, comerciais e materiais, e rexeitan as xerarquías, polo que evidencia un incipiente republicanismo. En 1919 colabora na constitución do Sindicato Agrario Católico Obrero da Pobra do Caramiñal, pero a postura política que máis o definirá será a súa oposición frontal á ditadura de Primo de Rivera dende 1924. Tal posicionamento carreoulle cárcere en varias ocasións (durante quince días no Modelo de Madrid, por exemplo, no 1929) e o enfrontamento con Joaquín Argamasilla, un dos principais líderes carlistas que apoiaba a ditadura. En 1927 participa na Alianza Republicana, creada por un grupo de intelectuais, e en 1932 preséntase a deputado pola Coruña nas listas do Partido Radical de Lerroux apoiando a II República, pero non sae elixido.

En 1933 foi nomeado presidente de honra da Asociación de Amigos da Unión Soviética, inda que anos antes eloxiara publicamente a Mussolini, e tamén neste ano se incorpora ao Comité Internacional contra a Guerra. En 1935 foi elixido presidente da sección española da Asociación Internacional de Escritores e presidiu a campaña contra a pena de morte.

Valle: escritor galego

Inda que Valle escribise case toda a súa obra en castelán⁵, é un autor plenamente galego tanto na linguaxe (léxico, xiros e expresións) coma na plasmación da realidade e son moitos os autores que o sinalan: Castelao reivindicaba a «galecidade» de Valle; Luís Seoane publica o artigo «Reivindicación gallega de Valle-Inclán»; Fernández del Riego incide nas características «galeguistas» da obra valleinclaniana; Ramón Villares destaca a «materia de Galicia» que está presente en moitas tramas e considera que o esperpento é indisoluble da cultura galega. En palabras de Méndez Ferrín: «a tradición oral, a historia escrita, a realidade sociocultural, a antropoloxía toda de Galicia, aparece na súa obra».

A súa infancia nas terras do Salnés permitiulle contactar coa narración oral tradicional, as historias de aparecidos e de trasgos, probablemente grazas ás historias contadas pola Pexeja, unha vella aldeá vendedora de froita, e que inspirou o personaxe de Micaela la Galana en *Jardín umbrío*.

Nos seus anos estudantis de Compostela coñeceu o rexionalismo con Murguía e Alfredo Brañas e na primeira versión do seu artigo «Remembranzas literarias» móstrase como un entusiasta galeguista; xa na segunda versión (cinco anos posterior) suaviza os termos, e nunha entrevista de 1931 declárase federal.

Actualmente os valleinclanistas están a revisar a relación do autor con Galicia xa que, en palabras de Rosario Mascato⁶, é preciso abordar un proceso de «reconstrución da súa relación coa Galiza e co galego».

🕒 Caricatura de Valle por Maside (1925).
Cátedra Valle-Inclán



⁵ Valle-Inclán só publicou en galego algúns contos e poemas en xornais como *El Noroeste* (1910) e *A Nosa Terra* (1919), así como breves poemas e cancións que introduce nas súas obras. Por exemplo, o 15 de xaneiro de 1919 reimprime n' *A Nosa Terra* o relato «O medo» traducido ao galego.

⁶ Citada por Ramón Villares no prólogo a *Valle-Inclán. Xenio e figura*. Véxase Bibliografía consultada.

Bibliografía

Principais obras de Valle-Inclán

Valle adoitaba reescribir as obras e por iso figuran varias datas, que se corresponden coas diferentes edicións.

A bibliografía das obras teatrais segue fielmente a Euloxio R. Ruibal (2006); por iso marcamos en **negra** a data de estrea e en **azul** a data de publicación en xornais ou revistas.

NARRATIVA

- *Femeninas. Seis historias de amor* (1895)
- *Epitalamio. Historias de amores* (1897). En 1907 foron editadas conxuntamente (*Femeninas* e *Epitalamio*) e despois reordenadas polo propio autor en distintos compendios.
- **Las Sonatas**: *Sonata de otoño* (1902), *Sonata de estío* (1903), *Sonata de primavera* (1904), *Sonata de invierno* (1905)
- *Corte de amor. Florilegio de honestas y nobles damas* (1903). Cinco relatos.
- *Jardín umbrío. Historias de santos, de almas en pena, de duendes y de ladrones*. Publicáronse catro versións entre 1903 e 1928.
- *Flor de santidad* (1904).
- **La Guerra Carlista**: *Los cruzados de la causa* (1908), *El resplandor de la hoguera* (1909) e *Gerifaltes de antaño* (1909).
- *La media noche. Visión estelar de un momento de guerra* (1917)
- *Tirano Banderas* (1926)
- **El Ruedo Ibérico**: só se publicaron *La corte de los milagros* (1927), *¡Viva mi dueño!* (1928) e a incompleta *Baza de espadas* (1932).
- *Flores de almendro* (1936) Recopilación de contos.

© Motivo ornamental nunha edición de *Los Cruzados de la Causa* (1927). Cátedra Valle-Inclán



TEATRO

- *Cenizas*. Drama en tres actos (1899, **1899**) Adaptación do relato «Octavia Santiño» incluído en *Femeninas*.
- *Tragedia de ensueño* (1901, 1903). Publicada no libro de relatos *Jardín umbrío* (1903)
- *Comedia de ensueño* (1905). Incluída en *Jardín umbrío*.
- *El marqués de Bradomín*. Coloquios románticos (1907, **1906**). Adaptación de fragmentos e personaxes de *Sonata de otoño*, *Flor de santidad* e «Adega».
- *El yermo de las almas*. Episodios de la vida íntima (1908, **1915**), refundición de *Cenizas*.
- *La hueste* (1908). Micropeza incluída en *Jardín novelesco*, que logo se transformará na escena inicial de *Romance de lobos*.
- **Comedias bárbaras:**
 - ▶ *Cara de plata* (1922, 1923, **1962**)
 - ▶ *Águila de blasón* (1906-1907, 1907, **1907**)
 - ▶ *Romance de lobos* (1907, 1908, **1970**)
- **Tablado de marionetas para educación de príncipes** (1926):
 - ▶ *Farsa italiana de la enamorada del rey* (1920, **1967**)
 - ▶ *Farsa infantil de la cabeza de dragón* (1910, 1914, **1910**)
 - ▶ *Farsa y licencia de la reina castiza* (1920, 1922, **1931**)
- *Cuento de abril*. Escenas rimadas de una manera extravagante (1910, **1910**)
- *La marquesa Rosalinda*. Farsa sentimental y grotesca (1911, 1913, **1912**)
- *Voces de gesta* (1911-1912, 1912, **1911**). En verso
- *Divinas Palabras*. Tragicomedia de aldea (1920, 1924, **1933**)
- *Luces de Bohemia*. Esperpento (1920, 1924, **1966**)
- *¿Para cuándo son las reclamaciones diplomáticas?* (1922)
- **Martes de Carnaval**. Esperpentos (1930):
 - ▶ *Las galas del difunto* (1926). Reelaboración de *El terno del difunto* (1926, **1962**)
 - ▶ *Los cuernos de don Friolera* (1921, 1925, **1926 versión incompleta, 1936**)
 - ▶ *La hija del capitán* (1927, **1964**)
- **Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte** (1927):
 - ▶ *Ligazón*. Auto para siluetas (1926, **1926**)
 - ▶ *La rosa de papel*. Melodrama para marionetas (1924, **1964**)
 - ▶ *El embrujado*. Tragedia de tierras de Salnés (1912-1913, 1913, **1931**)
 - ▶ *La cabeza del Bautista*. Melodrama para marionetas (1924, **1924**)
 - ▶ *Sacrilegio*. Auto para siluetas (1927, **1964**)

POESÍA

- *Aromas de leyenda* (1907)
- *La pipa de kif* (1919)
- *El pasajero* (1920)
- **Claves líricas** (1930) reúne toda a produción lírica das tres obras anteriores.

ENSAIO

- *La lámpara maravillosa* (1916)

A obra dramática de Valle-Inclán

A relación de Valle co teatro foi intensa e variada: habitual espectador e ás veces crítico furioso, actor, dramaturgo, esposo de actriz, convive coa compañía teatral que representa as súas obras na xira latinoamericana, recita fragmentos memorizados nos paseos madrileños...

Jacinto Benavente escribiu o personaxe de Teófilo Everit de *La comida de las fieras* para que o interpretase Valle-Inclán, xa que foi actor ata 1899, cando perde este traballo por amputárselle un brazo. Os seus amigos convénceno para que escriba unha obra, *Cenizas*, que en realidade é adaptación dun conto publicado en *Femeninas*: coa súa representación, protagonizada polos seus amigos e dirixida por Benavente, pretendían recadar o suficiente para costear un brazo ortopédico para Valle, que nunca foi adquirido.

Seguirá escribindo textos dramáticos ata *La hija del capitán* (1927). A súa produción dramática, de case trinta anos, presenta unha evolución moi complexa e paralela ás diferentes correntes europeas do momento: parte da estética modernista e avanza cara ao expresionismo.

Valle proporcionou á escena española a produción máis innovadora e orixinal do século XX, na que se adoita recoñecer cinco períodos:

1. **Ciclo modernista.** Incorpora as obras esteticistas e simbolistas, algunhas delas baseadas en relatos da estética de Rubén Darío: *El marqués de Bradomín*, *El yermo de las almas*, *Tragedia de ensueño*.
2. **Ciclo mítico.** As obras desta fase transcorren nunha Galicia mítica, na que o mal é unha forza poderosa: *Comedias bárbaras*, *Divinas palabras*.
3. **Ciclo da farsa.** Estas obras mostran o contraste entre o sentimental e o grotesco, e degradan parcialmente a realidade; cando esta degradación é total dá paso ao esperpento: *Tablado de marionetas para educación de príncipes*.
4. **Ciclo esperpéntico.** A realidade deformada permite ver a imaxe real que se oculta a simple vista. Os personaxes deshumanízanse mentres os animais e as cousas adoptan características humanas: *Luces de bohemia*, *Martes de Carnaval*.
5. **Ciclo final.** Ciclo final, integrado por *Retablo de la lujuria, la avaricia y la muerte*, tres dos temas fundamentais da súa dramaturxia.

Como xa sinalou Ruiz Ramón,

El proceso que conduce desde los dos primeros dramas «decadentes» hasta la instauración del «esperpento» no es ni lineal, ni unívoco. Valle-Inclán ensaya distintas vías de invención teatral, no sucesivas ni excluyentes, sino paralelas y entrecruzadas, lo cual hace inoperante, como ya señaló también Antonio Risco, toda clasificación cronológica de su obra dramática. (Ruiz Ramón, 1984, tomo 2; páx. 94).

Valle foi un grande innovador que se adiantou ao seu tempo, polo que non conseguiu levar á escena a maioría das obras que agora son moi consideradas. En palabras de Felicia Hardison Londré, en Ruibal: 2006, páx. 47:

Teóricamente, Valle-Inclán debería haber sido para la escena española lo que *Ubu Roi* de Alfred Jarry fue para el teatro francés en 1896; sin embargo, Jarry con el tiempo tuvo seguidores, Valle-Inclán permanece solo.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Vídeo

No programa *Imprescindibles: De tertulia con Valle-Inclán* en tve2 (2012), recrease a vida de Valle-Inclán intercalando entrevistas con estudos da súa obra.

O Consello da Cultura Galega recolle en *Valle-Inclán: os trazos do escritor* os comentarios de prestixiosos valleinclanistas.

Audio

Escoitar a voz dos escritores pode ser un achegamento suxestivo para os rapaces. Valle recita tres poemas:

- ▶ «El pasajero»
- ▶ «La trae una paloma»
- ▶ «Rosa en Job»



PROPOSTAS DIDÁCTICAS

1. Le agora o seguinte fragmento: trátase dun artigo publicado polo escritor na *Revista Moderna de México* en 1909, baixo o título «Autobiografía».

Este que veis aquí, de rostro español y quevedesco, de negra guedeja y luenga barba, soy yo: Don Ramón María del Valle-Inclán.

Estuvo el comienzo de mi vida lleno de riesgos y azares. Fui hermano converso en un monasterio de cartujos, y soldado en tierras de la Nueva España... Como los capitanes de entonces, tengo una divisa, y esa divisa es como yo, orgullosa y resignada: «Desdeñar a los demás y no amarse a sí mismo».

Hoy, marchitas ya las juveniles flores y moribundos todos los entusiasmos, divierto penas y desengaños comentando las Memorias amables que empezó a escribir en la emigración mi noble tío el marqués de Bradomín. ¡Aquel viejo, cínico, descreído y galante como un cardenal del Renacimiento! Yo, que en buen hora lo diga, jamás sentí el amor de la familia, lloro muchas veces, de admiración y de ternura, sobre el manuscrito de las Memorias.

Todos los años, el día de Difuntos, mando decir misas por el alma de aquel gran señor, que era feo, católico y sentimental. Cabalmente yo también lo soy, y esta semejanza todavía le hace más caro a mi corazón.

Apenas cumplí la edad que se llama juventud, como final a unos amores desgraciados, me embarqué para Méjico en La Dalila, una fragata que al siguiente viaje naufragó en las costas de Yucatán. Por aquel entonces era yo algo poeta, con ninguna experiencia y harta novelaría en la cabeza. Creía de buena fe en muchas cosas que ahora pongo en duda, y libre de escepticismos dábame buena prisa a gozar de la existencia. Aunque no lo confesase, y acaso sin saberlo, era feliz: soñaba realizar altas empresas, como un aventurero de otros tiempos, y despreciaba las glorias literarias.



☺ Valle-Inclán na alameda de Compostela
Fotografía realizada por Anxo Martínez de
Alegría

A bordo de La Dalila —lo recuerdo con orgullo— asesiné a Sir Roberto Yones. Fue una venganza digna de Benvenuto Cellini... Básteos saber que, a bordo de La Dalila, solamente el capellán sospechó de mí. Yo lo adiviné a tiempo, y confesándome con él pocas horas después de cometido el crimen, le impuse silencio antes de que sus sospechas se trocasen en certeza, y obtuve, además, la absolución de mi crimen y la tranquilidad de mi conciencia.

Aquel mismo día la fragata dio fondo en aguas de Veracruz y desembarqué en aquella playa abrasada, donde desembarcaron antes que pueblo alguno de la vieja Europa los aventureros españoles... Confieso que en tal momento sentí levantarse en mi alma de hidalgo y de cristiano el rumor augusto de la historia. Uno de mis antepasados, Gonzalo de Sandoval, había fundado en aquellas tierras el Reino de la Nueva Galicia. Yo, siguiendo los impulsos de una vida errante, iba a perderme como él en la vastedad del viejo Imperio Azteca, imperio de historia desconocida, sepultada para siempre con las momias de sus reyes, entre restos ciclópeos que hablan de civilizaciones, de cultos, de razas que fueron y sólo tienen par en ese misterioso cuanto remoto Oriente.

Fonte: J. SERRANO ALONSO, *Artículos completos y otras páginas olvidadas*.
Madrid: Istmo, 1987

- Que anécdotas e ideas das que aquí conta Valle-Inclán cres que son reais e cales ficticias? Sublíñaas e indícao ao lado cun R ou un F.



[Esta actividade foi extraída da unidade didáctica elaborada por Mascato Rey, Rosario (2008) - Literatura en E/LE desde un enfoque comunicativo. «Ramón del Valle-Inclán (1886-1936) y su época» (Memoria de Master, Universidad Antonio de Nebrija)]

- Axúdate dunha breve biografía do autor e redacta o *curriculum vitae* de Valle-Inclán seguindo o modelo europeo. Dende o seguinte [enlace](#) podes cubri-lo en liña.
- Ofrecémosche aquí algún dos títulos do autor: ti deberás engadir a súa data de publicación e o xénero literario ao que corresponden. Para facilitarche o traballo, podes consultar a páxina do [Cervantes virtual](#). Tamén tes unha relación das obras de Valle-Inclán nas páxinas anteriores desta guía.

Título da obra	Ano de publicación	Xénero literario
<i>Luces de bohemia</i> <i>Martes de Carnaval</i> <i>La pipa de Kif</i> <i>Sonatas</i> <i>Divinas palabras</i> <i>Farsa infantil de la cabeza del dragón</i> <i>Ruedo ibérico</i> <i>Tirano Banderas</i> <i>El resplandor de la hoguera</i>		

- Estabamos ordenando a bibliografía e desordenáronse os datos: nunha columna temos os títulos de varias obras e noutra, un dato relevante de cada unha delas. Axúdanos a endreitar o entorto.

Título da obra	Datos relevantes
<i>Luces de bohemia</i> <i>Sonatas</i> <i>Divinas palabras</i> <i>Farsa infantil de la cabeza del dragón</i> <i>Tirano Banderas</i> <i>El resplandor de la hoguera</i> <i>La media noche</i>	- Está baseada nas vivencias do autor cando foi testemuña da I Guerra Mundial. - O seu protagonista é un ditador hispanoamericano. - MariGaila e Séptimo Miau son os seus personaxes principais. - Os protagonistas son tres príncipes chamados Verdemar, Pompón e Ajonjolí, que liberan un prisioneiro de seu pai. - É unha obra modernista. O marqués de Brado-mín, o personaxe que vertebra a obra, narra a súa vida recollendo catro momentos da mesma. - Relato no que mostra a ideoloxía carlista. - Os protagonistas son Max Estrella e don Latino de Hispalis que deambulan por Madrid.

MARTES DE CARNAVAL ESPERPENTOS

POR DON RAMON DEL VALLE-INCLAN

OPERA OMNIA

VOL XVII

Martes de Carnaval

Martes de Carnaval: publicación e sentido da triloxía

A triloxía apareceu en 1930 como volume XVII de *Ópera omnia* baixo o epígrafe de «esperpento». Esta agrupación era habitual na obra de Valle; recórdense, por exemplo, as *Comedias bárbaras*. Non responde a unha simple estratexia editorial. Percíbese unha unidade na estética, a do esperpento. Mais tamén no discurso: a denuncia da deformación grotesca da España contemporánea, exemplificada nas xerarquías militares. O dobre significado do título *Martes de Carnaval* suxire esta mesma duplicidade. Se por unha banda, o Entroido remite á máscara, ao disface, por outra, «martes» non é mera referencia temporal. «Martes» son tamén os militares, máis ben ridículos, máis ben simulados, que pululan polas páxinas da obra.

Martes de Carnaval recolle tres obras que se publicaron en diferentes medios entre 1921 (*Los cuernos de don Friolera*) e 1927 (*La hija del capitán*). Son os anos nos que está elaborando a súa teoría do esperpento.

Tan só *Los cuernos de don Friolera* foi estreada parcialmente por El Mirlo Blanco, teatro de cámara que puxo en marcha a familia Baroja no salón familiar. A sorte de *La hija del capitán* foi aínda máis azarosa. A Dirección General de Seguridad ordenou recoller a edición de 1927 debido a que, polo visto, non había «renglón que no hiera el buen gusto ni omita denigrar clases respetabilísimas a través de la más absurda de las fábulas»⁷.

Se a referencia ás variantes textuais excede os obxectivos deste traballo (poden consultarse a tal efecto a edición de Ricardo Senabre e a análise de Javier Serrano⁸ a propósito das modificacións que introduciu en *La hija del capitán*), o certo é que os avatares dos textos valleinclanianos reflicten a polémica situación do autor no contexto da súa época.

A ordenación segue a cronoloxía histórica recreada na ficción, non as datas de publicación. Existe unha vinculación consciente coa historia recente de España ao abrir a triloxía con *Las galas del difunto* (1926), na que uns miserentos «pistolos» regresan fementos e desesperados da guerra de Cuba, cheos de medallas que non pagan nin a durmida nun bordel. O centro do volume está ocupado pola obra máis extensa, *Los cuernos de don Friolera*, burla da honra calderoniana, sustentada por un Oteló paródico que defende os valores corporativos dun exército corrupto. A triloxía desembocará na ficcionalización do golpe de estado de Primo de Rivera en 1923, en *La hija del capitán*. Percíbese un efecto acumulativo porque vai da exemplificación individual (Juanito, Friolera) ao personaxe colectivo (conxunto do estamento militar), e así explica, pola desmoralización e a falsidade, o desenlace da triloxía.

© Cuberta de *Martes de Carnaval*.
Esperpentos. Vol. XVII de *Ópera omnia*.
Madrid, Cía. Iberoamericana de
Publicaciones, S.A., Imp. Rivadeneyra, 1930.
Cátedra Valle-Inclán

⁷ En Senabre: 1990, pág. 11. No anexo recóllese o texto íntegro, pág. 69

⁸ Serrano, Javier: «Las tres versiones de *La hija del capitán*» en *Diálogos hispánicos de Amsterdam*, 7 (1988), páxs. 99-130

Vista a unidade das tres obras, a profesora Aszyk-Krol expón unha atractiva teoría, segundo a cal a estrutura total se entendería como unha representación de curral de comedias con tres «xornadas», e na que os entremeses están representados polos diálogos de don Estrafalario e don Manolito.

Contexto histórico e literario

O marco histórico, cultural e de recepción da obra correspóndese coa ditadura de Primo de Rivera; non obstante, o tempo da ficción é máis amplo. Posto que é importante a visión crítica do autor sobre a situación de España, semella pertinente afondar no período que vai dende o Desastre do 98 ata a proclamación da República. Este feito xa queda fóra das coordenadas temporais da obra, pero é un fito suficientemente importante para entender a triloxía.



PROPOSTA DIDÁCTICA

5. O comezo do século XX asiste a unha transformación radical do mundo contemporáneo que xustifica a atención que se lle dedique. Por grupos, o alumnado elaborará un eixo cronolóxico no que recolla os feitos máis salientables ocorridos entre 1898 e 1931. Terá que diferenciar os feitos relativos a España, a Galicia e ao mundo, prestando atención á dimensión histórica, á socio-económica, á artístico-cultural e á literaria. Ferramentas como Dipity permiten a creación de liñas temporais nas que se poden incluír imaxes, vídeos ou arquivos pdf cuns resultados visualmente moi atractivos.

O teatro na época de Valle: teatro comercial fronte a teatro innovador

Aínda que no primeiro terzo de século, o teatro é unha das actividades culturais sobranceiras, tamén é certo que os gustos conservadores dun público sobre todo burgués e os intereses económicos dos empresarios teatrais condicionan aos autores para que reiteren fórmulas decimonónicas de éxito probado. Un autor desaparecido hoxe das historias da literatura como Echegaray⁹, consolidado aínda máis coa concesión en 1905 do Premio Nobel, triunfaba co seu teatro neorromántico. Por contra, as esperanzas que se depositaron na estrea de *Electra* de Benito Pérez Galdós en 1901, víronse por completo defraudadas.

Sen embargo, para comprender a evolución do teatro valleincliniano, non basta con referirse ao contexto español. Hai que inserilo no panorama europeo. Nun escritor tan radicalmente innovador, tan inquedo e tan autoesixente, resultaría moi limitador restrinxilo á realidade nacional. Na complexa evolución do conxunto da súa obra percíbese un artista informado e interesado en todas as tendencias do momento.

- a) Coa fin do século XIX e o inicio do XX produciuse en Europa unha renovación da literatura dramática. A conciencia colectiva dun cambio social preside a transición entre centurias. Esta reflíctese —non pode ser doutro

⁹ En 1910, Valle, para impedir que a súa muller participase nunha representación dunha peza de Echegaray, pechouna na habitación do hotel no que se aloxaban en Canarias.

xeito— nos movementos artísticos. Desde Henrik Ibsen, Anton Chéjov ou Luigi Pirandello, ata todo o movemento de vangarda e o teatro épico de Bertolt Brecht, transfórmase o texto teatral. Sendo como é un panorama extraordinariamente rico e diverso, resulta difícil trazar algunha liña común que poña en relación autores tan dispares como os anteditos, Alfred Jarry ou Strindberg. Quizais si que se podería sinalar a insatisfacción cos excesos retóricos decimonónicos, o rexeitamento do teatro como mera mímese e a potenciación da visualidade do espectáculo.

- b) Grandes directores como André Antonin, Gordon Craig, Stanislavski ou Meyerhold introducen un novo concepto de representación; unha serie de innovacións técnicas modificará o espectáculo teatral; o interese crecente pola escenografía e a luminotecnia potenciará a dirección escénica, e os cambios abranguerán o oficio da actriz e do actor, que se entende agora baseado na preparación e non só no talento. Os comezos do século serán tamén os dos primeiros teatros independentes. Estas ideas repercutiron limitadamente en España, pero estarán moi presentes nas compañías de Adriá Gual, Gregorio Martínez Sierra ou Cipriano Rivas Cherif.
- c) En contraste coa situación en Europa, en España nin os medios técnicos se modernizaban, nin as montaxes saían das fórmulas consagradas polo costume e o éxito. Tampouco hai que esquecer a negativa influencia da censura. A miúdo, críticos e dramaturgos perciben unha crise de creatividade que non atopa eco no público. A zarzuela, o teatro de humor ou o costumista monopolizan os escenarios cunha dramaturxia orientada claramente á evasión. Ademais, a introdución do cinematógrafo ou os espectáculos de revista e de café cantante diversifican as oportunidades de ocio, sen por iso saíren do superficial. Pero un panorama do teatro anterior a 1936 (que se pode ampliar con xustiza ata os anos 50) non estaría completo sen mencionar a figura de Jacinto Benavente e a comedia burguesa ou alta comedia. O risco que asumiu con *El nido ajeno* (1894) ou con *Los intereses creados* (1907) quedou como anécdota nunha carreira baseada no retrato benevolente, lixeiramente crítico mais nunca alleo ao bo gusto, dunha burguesía que asiste con compracencia á escenificación dos seus pequenos pecados. Nunca lle fixeron sombra nin os seus imitadores (Linares Rivas, Martínez Sierra), nin o teatro historicista en verso de Marquina ou Villaespesa, nin mesmo o extravagante desenfado de Pedro Muñoz Seca.
- d) Fronte ao teatro que subía aos escenarios, os intentos de renovación na dramaturxia de Jacinto Grau, Unamuno ou Azorín quedaron sen estrear. As mesmas dificultades tiveron as dúas figuras que lograron unha indubidable calidade no panorama teatral anterior ao 36: Ramón María del Valle-Inclán e Federico García Lorca. Os cambios que introduciron están relacionados non só coa busca dunha temática menos trillada, senón tamén co interese pola escenografía. Potenciar na representación elementos como a iluminación e a súa capacidade para crear situacións e ambientes, fará que tome importancia a dirección de escena.

Este era un mundo que Valle coñecía ben. O seu interese polo teatro non se limita ao texto. Dende 1899 e ao longo da súa vida, vencéllase a diferentes compañías como director de escena, adaptador, actor ocasional, mesmo vestiarista. A presenza da súa excéntrica figura en tertulias e cafés, lecturas públicas e todo tipo de acontecementos sociais e culturais, é particularmente rechamante no mundo da farándula. Sen embargo, non chega a ver representadas máis que unhas quince obras propias.



Ⓢ Letra capitular en *Voces de Gesta*. *Tragedia pastoril*. Madrid, Imp. Alemana, 1911. Cátedra Valle-Inclán

A obra dramática de Valle comeza coa estrea en 1899 do drama naturalista *Cenizas*, posteriormente transformado en *El yermo de las almas*. Este primeiro período, que está moi vencellado ao teatro poético, amosa xa trazos orixinais. En *El marqués de Bradomín* (representado en 1906), mesmo dentro do esteticismo decadente modernista, atópanse propostas persoais como un espazo múltiple no que o coro de mendigos asume a mesma función que na traxedia grega.

En 1907, a representación de *Águila de blasón*, primeira das *Comedias bárbaras*, será un fracaso que condicionará a obra posterior de Valle. O fragmentarismo da acción e a violencia da temática acharán a máis absoluta incompreensión na crítica e o público. Nesta «comedia», ambientada nun espazo mítico galego, primitivo, patriarcal, e influída por Shakespeare, atópase xa o desgarramento, a complexidade escénica e os acoutamentos que definirán o resto da súa produción. Os comentarios manuscritos para a frustrada posta en escena de *Romance de lobos* indican que Valle-Inclán pretendía representar as súas obras teatrais e non só dar ao prelo estes textos para unha lectura individual, como ás veces comenta. (Ver textos Anexo, páx. 67).

Cuento de abril (representada en 1910) e, posteriormente, *Voces de gesta* (en 1911) testemuñan o mesmo esforzo de innovación dentro do teatro poético simbolista, máis esteticista na primeira peza e ideoloxicamente tradicionalista na segunda.

Revisando as obras deste época, tense a impresión, pola súa diversidade, de que o escritor vai ensaiando diferentes fórmulas, en paralelo tamén á súa narrativa. Non é tan estraño pensar que intenta dar cun «modo» que o consolide como autor teatral.

Isto parece evidente se temos en conta dúas obras máis, neste caso do seu ciclo de farsas, que polos mesmos anos subirán á escena: *Farsa infantil de la cabeza del dragón* (1910) e *La marquesa Rosalinda* (1912), última esta das obras modernistas. A interesante combinación de elementos diversos procedentes do teatro de marionetas, da *commedia dell'arte* ou mesmo do cine, nunha fusión do idealizado e do grotesco, amosan o eclecticismo do autor.

A causa de *Voces de gesta*, estrenada en Barcelona en 1911, Valle rompe cos ambientes teatrais da época cando a compañía de María Guerrero rexeita escenificar a obra en Pamplona, debido ao seu contido político. Tamén Benito Pérez Galdós, director do Teatro Español, se nega estreir *El embrujado* (posta en escena coa dirección do propio autor en 1931). Neste clima de enfrontamento e polémica, don Ramón impedirá en 1915 que Margarita Xirgu represente en Madrid *El yermo de las almas*: as críticas que obtivera a obra en Barcelona fixéronlle desbotar a idea de continuar con ela. Se este afastamento dos medios oficiais lle supuxo un motivo de amargura, tamén lle proporcionou a increíble liberdade, a ousadía artística da que fixo gala no resto da súa vida.

De feito, a partir deste momento, só pequenas compañías independentes ou grupos do teatro de cámara representarán a súa obra; el mesmo chegou a negar calquera interese polos escenarios. Sen embargo, a década dos vinte supón unha volta á escritura teatral, un achegamento ao contemporáneo nos argumentos e á formulación da súa proposta máis orixinal: o esperpento, estética no que o literario se funde co ético e o político. Son os anos tamén da máis estreita colaboración con Rivas Cherif, que foi sempre un gran valedor de don Ramón na escena madrileña.

Nos primeiros anos da década reaparece a farsa, co intento de estrea de *Farsa y licencia de la reina castiza*, montada en 1920 por Cipriano Rivas Cherif co Teatro de la Escuela Nueva. A crítica ao período isabelino con moitos dos elementos que caracterizan o esperpento (animalización e cousificación do humano, violencia

xestual e verbal...) fará que a policía interveña prohibindo a peza, que non volverá aos escenarios ata 1931, coa compañía de Irene López Heredia. O inusitado éxito nese momento debeuse a que o público recibíuna como o símbolo da nova liberdade de expresión.

En 1924 produciuse a estrea de *La cabeza del Bautista*, subtitulada «comedia macabra en un acto», primeiro no teatro Centro, logo baixo a dirección de Rivas Cherif (1925). A inmediatez coa que son presentadas as paixóns, a conxunción de crime e erotismo e a ambientación sórdida, fixeron que a obra non pasara das sete representacións. Como «melodrama para marionetas» publicárase en *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*.

En 1926 *Ligazón* foi representada polo teatro de cámara El Mirlo Blanco, nunha función única, con Rivas Cherif de director. Este non abordaría outra obra de Valle ata 1933 con *Divinas palabras*, interpretada por Margarita Xirgu —por quen o autor non sentía moito respecto— e con decorados de Castelao. Os días posteriores á estrea o teatro ficou practicamente baleiro, tal e como comenta o poeta Luis Cernuda.

O certo é que a partir de 1927 non volveu escribir teatro, aínda que seguiu vencellado ás edicións e estreas da súa obra dramática. Visto na distancia, un maior éxito de público na propia época tería dado, case con seguridade, un teatro máis «domesticado». A liberdade estética e a coherencia ética foron as que lle abriron o camiño á modernidade.



④ Cuberta de *Ligazón*. Auto para siluetas. Madrid, Rivadeneyra, La Novela Mundial, nº 24, 26 de agosto de 1926. Cátedra Valle-Inclán

PROPOSTA DIDÁCTICA

6. A propósito da relación de Valle-Inclán co teatro do seu tempo, é interesante este documento do CDN: <https://youtu.be/gBQGNzuBlwM>

Despois de velo, responde as seguintes cuestións:

- ▶ En que ano se estreou por primeira vez a súa obra máis representativa? De que obra falamos?
- ▶ Como se xustifica ese desfase temporal?
- ▶ A que autor de éxito imitou na súa ópera prima?
- ▶ Que outra liña na dramaturxia intentou na primeira época?
- ▶ Ademais de como dramaturgo, en que outras facetas participou no mundo teatral da súa época?
- ▶ Cal era o nome da compañía teatral que os irmáns Baroja tiñan no salón da súa casa?
- ▶ No Círculo de Bellas Artes, xunto con Rivas Cherif, crea unha compañía. Cal é?
- ▶ Nun dos fotogramas Valle aparece no obradoiro dun pintor. Quen é? Fíxate no cadro en proceso e na pose da modelo.
- ▶ Cal foi a primeira obra que escribiu que rompía coas formas teatrais vixentes?
- ▶ Por que deixa de escribir teatro? O abandono foi definitivo?



MARTES DE CARNAVAL



Estudo da obra

As galas do defunto: argumento e personaxes

Escena primeira

© Fotografía da representación d'As galas do defunto

A obra comeza co encargo da Daifa para que a mandadeira do bordel A Carmelita lle leve unha carta ao seu pai, o boticario Sócrates Galindo. Enténdese que a carta é unha petición de cartos, e as dúas mulleres dubidan da súa efectividade. O soldado Juanito Ventoleira fala entón na rúa coa Daifa. No diálogo descóbrese que acaba de regresar da guerra de Cuba, que non ten máis riquezas que as condecoracións e que coñeceu na fronte o mozo da rapaza, xa morto, quen marchara co exército deixándoa embarazada. Esa foi a razón de que o pai a rexeitara. Como Juanito Ventoleira non pode pagar a durmida no prostíbulo, quedan citados para o luns, cando A Daifa ten a tarde libre.

Escena segunda

O boticario indígnase ao recibir a carta e bótaa á rúa, onde a atopa Juanito Ventoleira. Este acode á botica para ser aloxado, moi en contra dos desexos de don Sócrates, que só lle dará acomodo na corte. O boticario reclama como súa a carta que O Pistolo ten na man, e morre de súpeto dun ataque, unha «alferecía».

Escena terceira

Juanito Ventoleira atopa outros tres veteranos —Pedro Maside, o Chosco Maluenda e Franco Ricote— nos arredores do cemiterio. Eles convidano a cear na casa da Legaña; el, pola súa parte, cóntalles o plan de roubar o terno do boticario, recentemente soterrado. Non serven de nada os intentos de disuadilo e confirman o convite para despois do roubo.

Escena cuarta

Os tres soldados matan o tempo mentres esperan a Ventoleira, quen relata con moita retransa a súa «fazaña». Aínda apostan que visite a viúva para completar «as galas» co bastón e o bombín. Os compañeiros acúsano novamente de impiedade.

Escena quinta

Dona Terita, a viúva do boticario, recibe a visita do sancristán e o barbeiro, que despois de moitos circunloquios lle presentan as facturas polo enterro. Á muller parécelle unha suma excesiva.

Escena sexta

Juanito Ventoleira entra polo balcón na casa do boticario: pídelles á aterrorizada viúva o bombín e o bastón, e logo róuballe os cartos. Entre Juanito e o galopín atan a Dona Terita.

Escena sétima

Final aberto. Juanito volve ao bordel facendo alarde dos cartos conseguidos. Cando vai sacar os billetes, atopa no peto a carta da Daifa, quen a recoñece como súa. Á vez entérase da morte do pai. A rapaza desmaíase e Juanito le a carta en voz alta. O obra péchase coa solicitude a Ventoleira de que convide aos cafés.

As galas do defunto e a parodia



❷ Ilustración de *El terno del difunto*. Madrid, Rivadeneyra, La Novela Mundial, nº 10, 20 de maio de 1926. Cátedra Valle-Inclán

A deformación dos protagonistas heroicos está na base da estética esperpéntica; así, Max Estrella afirma: «Os heroes clásicos, reflectidos nos espellos cóncavos, dan o esperpento». O esperpento é o espazo do antiheroe e como tal se caracteriza Juanito Ventoleira. En tanto que degradación da figura do heroe, recorda os protagonistas da picaresca, á vez que evoca —o texto mesmo encárgase de facelo— o don Juan Tenorio de Zorrilla: «Ese atordoamento non o tivo nin o propio Juan Tenorio». O arquetipo de don Juan, ademais, aparece repetidamente na obra de Valle: no Marqués de Bradomín e no don Juan Manuel Montenegro das *Comedias bárbaras*.

A parodia literaria n' *As galas do defunto* afecta a creación do personaxe protagonista e a construción da trama.

Juanito Ventoleira é o soldado sen gloria dunha campaña militar que non merece un relato épico, como el mesmo di: «É unha porca vergonza aquela guerra. O soldado, se soubese a súa obriga e non fose un paria, debía tirar sobre os xefes». A súa amoralidade é resultado das experiencias no exército e representa, como afirman Cardona e Zahareas, a desmoralización de todo o país como resultado do Desastre do 98. O nobre libertino e retador de Zorrilla convértese nun «pisto-lo» sen recursos, igual que o ambiente da aristocracia sevillana se transforma nos baixos fondos dunha cidade costeira innominada. Xustifica a súa actitude desafiante na mesma autoafirmación que o personaxe romántico: «Hai que ser soberbio e dar a cara contra o mundo enteiro! A min acáeme simpático o Demo».

Pero os seus obxectivos son ben miserentos. O desafío á morte do drama romántico non é aquí máis que o roubo vergoñento da roupa dun cadáver, que se completará co bastón e o bombín. Juanito, ao desfacerse do uniforme de soldado, pretende cambiar de vida, transformarse nun señor.

O CHOSCO MALUENDA

O terno é fino.

JUANITO VENTOLEIRA

De primeira.

O CHOSCO MALUENDA

E vaiche á medida. Só che falta un bombín para seres un patricio.

Preocupacións tan materialistas estaban moi lonxe dos horizontes de don Juan.

Outra diferenza co seu antecedente literario é que Juanito Ventoleira se convirte en marxinal nun país que non recoñece o seu sacrificio e que, cando retorna, non lle proporciona máis que un cuarto de prestado, onde é recibido con desgusto. Detrás do protagonista hai un discurso político antibelicista e antimilitarista que aparece en diversos diálogos, particularmente no primeiro, á porta do bordel, onde se mesturan insinuacións eróticas moi explícitas e protestas contra a guerra. Nun momento, a Daifa admira as medallas que leva colgadas:

A DAIFA

Fuches un heroe!

JUANITO

Un cabrón!

O odio cara ás xerarquías militares nace do coñecemento, non dunha visión de lonxe vagamente idealista. Nas palabras de Juanito está ben claro: non hai honra para os soldados nas guerras modernas.

JUANITO

[...] A guerra é un negocio dos galóns. O soldado só sabe morrer.

A DAIFA

Como o meu. Oes ti, envolveríano na bandeira?

JUANITO

Non era para tanto. A bandeira! Pois non di nada a colega. A bandeira é a orella. Esas honras quedan para os xefes!

Existe unha reivindicación por parte de Valle do seu personaxe? É difícil afirmalo, sabendo que o esperpento sintetiza diversidade de interpretacións, sen facilitarnos unha lectura unívoca. *As galas do defunto* desenvólvese nunha «situación humana donde faltan restriccións morales y sobra la libertad de decisión y acción, es decir, donde el hombre se ve obligado a decidir pero sin garantías de que su decisión sea válida o no» (Cardona & Zahareas, 1992: 32). Tal afirmación serviría posiblemente para *Don Juan Tenorio*. Sen embargo, no caso do Ventoleira tense a impresión de que a realidade que o arrodea limítase por completo e, nunha situación tan desesperada, pouco pode facer. Despois do roubo no cemiterio, coa mesma despreocupación, aínda asalta a casa de Dona Terita e fachendea no prostíbulo dos cartos e do terno. O final aberto, anticlimático, parece unha suxestión da indeterminación do seu destino.

Don Juan Tenorio, pola contra, libertino e irreverente tamén, forxa unha realidade á súa medida e confía no arrepentimento final e na redención por amor. No matrimonio con dona Inés cifra a súa salvación, que finalmente consegue na morte. Idealización ou conservadurismo?: seguramente un pouco de todo. O

demo reconducíase á vida burguesa. Como tipo humano, don Juan é ben cuestionable, pero Zorrilla sente admiración pola súa creación.

Pero que pasa con Juanito Ventoleira? O esperpento técese como unha rede de enganos que sempre deixa vítimas. N' *As galas do defunto* son danos colaterais da guerra e tales vítimas ven truncadas as súas existencias, pero non as sentimos completamente sen culpa: «Pero as consecuencias alcanzan os máis inocentes, e un fillo que hoxe estaría criando ao meu carón, téñoos na Maternidade. Esta vida na que me ves, débolla a esa maldita guerra que non sabedes acabar». O pequeno da Daifa é o auténtico sacrificado e como no esperpento non hai sitio para a beleza, para a harmonía, queda fóra de escena, evocado pero non presente.

A simpatía que nos esperta Lázaro de Tormes a pesar da súa degradación moral, tamén a sentimos cara a algúns personaxes desta obra, inda que tal sentimento é alleo ao esperpento. Con todo, non era tan desprezativa a mirada de don Ramón cara a todas as súas criaturas. Recoñecemos nas penurias de Juanito, da Daifa, da Sini tamén, o que teñen de seres humanos errados, sen forzas, acugulados nunha realidade da que nunca foron donos (pénsese, por exemplo, na responsabilidade da figura paterna con respecto das dúas mulleres).

A parodia actúa como unha cita deformada do texto orixinal, e para iso achega Valle unha serie de elementos —desde citas literais ata personaxes ou espazos...— que remiten ao clásico romántico. O seguinte cadro recolle a contraposición entre o orixinal e a parodia.

📷 Fotografía da representación d' *As galas do defunto*



<i>Don Juan Tenorio de Zorrilla</i>	<i>As galas do defunto de Valle-Inclán</i>
Don Juan Tenorio	Juanito Ventoleira
Doña Inés, novicia	A Daifa, prostituta
«Paloma», «garza enjaulada»	«Pomba», «garza engaiolada» (citas literais)
Don Juan salvado por amor	Juanito redime a Daifa?
Don Gonzalo de Ulloa, pai de dona Inés; autoridade paterna que impón un concepto de honra	Sócrates Galindo, pai da Daifa; rexeita á filla pola mesma concepción do honor
Despois de morto é retado por don Juan	Despois de soterrado é espoliado
Espazo: cemiterio	Espazo: cemiterio
Espazo: convento das Calatravas	Espazo: bordel da Carmelitana
Espazo: Hostería del Laurel	Espazo: Casa da Legaña)
Tempo: noite de Entroido	Tempo: descoñecido, alusión no título ao Entroido
Madre superiora	Madre priora, Madre Celeste (dona do bordel)
Aposta con Luis Mejía	Aposta cos pistolos (o Chosco Maluenda, Franco Ricote)
O capitán Centellas e Rafael de Avellana recoméndanlle a Don Juan prudencia cos mortos	Pedro Maside fai a mesma recomendación a Ventoleira
Carta como motivo inicial	Carta como motivo estrutural

Cando a obra chega ao seu desenlace, *Don Juan Tenorio* desaparece. A carta da Daifa, quen fracasou no intento de conmoer o seu pai, volve ao bordel, e só queda o folletín: a vida é mala literatura.

A MADRE

Juanillo, follea a billetada. Despois deste folletín os cafés son obrigados.

PROPOSTA DIDÁCTICA

Un pontevedrés famoso. Un loro revolucionario

Na escena primeira de *As galas do defunto*, A Daifa dálle a Juanito Ventoleira: «Catro leguas arriba dos Infernos. Ou moito me engano ou ti es outro Ravachol».

Mentras en *A filla do capitán*, as primeiras palabras as pronuncia un loro ultramarino.

En principio Ravachol, François Ravachol (1859-1892) é o nome dun anarquista francés (contemporáneo de Fénéon) que foi condenado á guillotina por atentar con bomba na casa do xuíz de Clichy e nunha comisaría de París.



Pero probablemente as dúas referencias converxen nun personaxe real na Pontevedra de principios de século: o loro do boticario Perfecto Feijoo na praza da Peregrina. Este animal gozou de moita sona porque na rebotica había unha concorrida tertulia, liderada por Feijoo, afeccionado ao folclore galego, que ademais tocaba a gaita e dirixía unha coral. Nos seus 22 anos de vida, o loro foi unha figura indiscutible da botica polos comentarios desca-
rados. Cando o loro morreu, poucos días despois do Entroido, decidiron fa-
cer un velorio e a asistencia de pontevedreses foi masiva. En 1985 a cidade
decidiu recuperar a figura de Ravachol e homenaxealo no Entroido, así cada
ano aparece disfrazado para poñer en solfa algún aspecto da actualidade.

Na novela *Memorias de Ravachol*, Alberto Fortes pon na voz protagonista do loro as súas vivencias. Recollemos dous fragmentos.

Mi verdadero nombre es el de Amazónico Frentiazul, pero éste no continúa siendo sino otro genérico que designa a todas los amazónicos con unas cuantas plumas azules sobre el pico. Sólo en esta botica me han bautizado con un nombre propio, que es como cuando aquí no despa-
chamos una gragea preparada cualquiera sino uno de esos específicos que prepara don Perfecto con tanto esmero según las correspondientes indicaciones facultativas que vienen escritas en las recetas. Mi específico, pues, no es otro que Ravachol, porque aquí fueron siempre muy vulgares y debía de parecerles muy engorroso llamarme con la variante culta de François Claudius Koenigstein. ¡Pobre chaval! ¡Qué final más triste tuvo por haber puesto unos petardos! Dicen que los puso en un edificio del parisino boulevard de Clichy donde vivía el fiscal Bolot y que esa fue su manera de protestar contra la sentencia dictada contra sus camaradas Levallois y Perret. Se preguntarán por qué me han bautizado así a mí, que nada tuve que ver en aquel asunto, pero lo cierto es que ni yo mismo lo sé y tan sólo puedo aventurar cervantidamente alguna conjetura verosí-
mil al respecto. No es que yo no tenga inclinaciones libertarias o que no simpatice con *El Motín* de José Nakens, pero también tengo arrebatos tradi-
cionalistas y abrigo admiración por el pretendiente don Carlos, según se presente la ocasión.

ALBERTO FORTES: *Memorias de Ravachol*, Paradela 10,
Bueu (Pontevedra), 2006. Pp. 80-81)

[...] cuando va y estalla en los periódicos locales el escándalo de las hazañas del mencionado François. Todo en la villa era ravachol por aquí y ravachol por allá, no sólo en la botica sino allá abajo en la de don Jesús Muruais, y en la del abogado don Casto, y de los púlpitos salían despedi-
dos truenos y relámpagos («vean, vean, decían, se comienza faltando a misa y se acaba poniendo bombas y comiendo niños», ¡niños! ¡se había comido niños! Pero, eso es peor que mentir, ¿no?), y en los tribunales, donde el fiscal municipal llamaba ravacholes a los reos. Nadie armaba ya un alboroto, sino una ravacholada, los vehículos que pasaban traquetean-
do escandalosamente como a punto de descoyuntarse ya no eran coches, ni carretelas, ni carruajes, sino ravacholas, ¡Si es que cuando una palabra se pone de moda...

ALBERTO FORTES: *Memorias de Ravachol*, Páx. 83

Actividades

7. Dar voz aos animais é un vello recurso literario, dende as fábulas ata obras como *Memorias dunha vaca* de Bernardo Atxaga, *Ovella descarreirada* de Marilar Aleixandre, «Monólogo do díptero bibliófilo» de Xabier P. Docampo (en *50 sopas*, Madrid, 2000, pp. 35-43). Despois de ler algún destes fragmentos, metamorfoseáte nun animal e mostra como verá o mundo dos humanos cun narrador en primeira persoa.
8. Unha das dificultades da posta en escena dos textos teatrais de Valle-Inclán é a aparición de animais. En *A filla do capitán* está o loro, en *A cabeza do dragón*, un can; en *Divinas palabras*, un porco... Por que cres que Valle incorporaba estes personaxes? Como consideras que poden ser representados? Que facilidades tecnolóxicas e de formación do espectador teremos que destacar?


Ligazóns sobre o loro Ravachol

- ▶ https://gl.wikipedia.org/wiki/Papagaio_Ravachol
- ▶ <http://www.museo.depo.es/noticias/notas.de.prensa/es.02010114.html>
- ▶ <http://diariodepontevedra.galiciae.com/noticia/80841/cuando-dona-emilia-un-loro-la-llamo-puta>

📍 A filla do capitán



A filla do capitán: argumento e personaxes



© Cuberta de *La hija del Capitán. Esperpento*. Madrid, Rivadeneyra, La Novela Mundial, nº 72, 28 de xullo de 1927. Cátedra Valle-Inclán

Escena primeira

Dous diálogos en paralelo. O Mangante está a esperar a Sini, unha antiga moza. Sae o seu pai, o capitán Sinibaldo Pérez, alcumado «Costelas de Sarxento», e uns moinantes comentan que ten un sumario grave pendente. Como a filla é a mantida do gobernador militar, pensan que non ha ter maiores consecuencias. O Mangante asegúralle a Sini que vai matar o seu amante. Ela recórdalle que el carece de recursos económicos. Vagas promesas de volvelo ver.

Escena segunda

Partida de cartas entre o Xeneral, o Capitán, Polo de Cartaxena (don Joselito) e outros camándulas. Hai unha disputa polas trampas no xogo e tamén Sini está enfadada co Xeneral, quen perde moitos cartos. A rapaza acusa o pai e o Xeneral de convertela nunha perdida. O diálogo, que foi medrando en violencia, queda interrompido polo berro de socorro de Polo de Cartaxena. O Mangante cumpriu a promesa feita a Sini, pero errou na vítima. Falan de marchar xuntos.

Escena terceira

O Capitán e o Xeneral calculan como desfacerse do cadáver para evitar un escándalo na prensa. Deciden, polo momento, agochalo no soto. Sini aproveita a situación para fuxir, levando de paso a billeiteira do morto.

Escena cuarta

No café Universal, Sini e o seu namorado negocian as pertenzas de don Jose-lito, particularmente uns documentos comprometedores para o Goberno, moi valiosos nas mans da prensa. Menciónase por segunda vez unha ficha de xogo de cinco mil pesetas que teñen intención de cobrar.

Escena quinta

Faladurías sobre as novas que aparecen no *Constitucional*: medias palabras sobre un crime, un duelo, unha «loira opulenta» e un «invicto Marte». Son os «misterios do Madrid Moderno».

Escena sexta

Costelas de Sarxento e o Xeneral falan das preocupantes novas que publican os xornais, lamentando que non se poda controlar á prensa. En vista de que o cadáver segue a ser un problema, e para atallar definitivamente as murmuracións, o Xeneral está disposto a «sacrificarse pola patria» e busca apoios no exército para un Directorio Militar. Resposta entusiasta das xerarquías do exército.

Escena derradeira

Final aberto. Nunha estación de tren, Sini e o Mangante, en plena fuxida, contemplan os fastos posteriores ao alzamento militar, celebrado polo rei, o bispo e as damas da Cruz Vermella.

A estética do esperpento e *A filla do capitán*

Valle publicou *Luces de bohemia* por entregas na revista *España* en 1920. Nesta obra e en *Los cuernos de don Friolera* expón a súa teoría sobre o esperpento, que desenvolverá na narrativa e no teatro ao longo desa década. Identifícase a Valle co esperpento, sen dúbida a súa contribución literaria fundamental. Existe nel unha tendencia ao grotesco que percorre a súa obra, o xerme da estética esperpéntica, que non formulará como tal, non obstante, ata máis tarde. Seguramente, na evolución literaria do autor influíron dun xeito decisivo as experiencias como correspondente nas trincheiras francesas en 1916, a Revolución rusa en 1917 e a deriva da situación española a finais das décadas dos anos 10 e os 20, recollida tamén en *Luces de bohemia*. Isto explicaría a necesidade estética de representar mediante a deformación unha realidade intolerable, de xeito que ideoloxía e literatura se articulan nunha mesma «visión», que chamou *esperpento*.

O esperpento é unha estética dual na que se harmonizan o trágico e o ridículo, fundidos para transmitir unha interpretación persoal da historia de España porque, como afirma Max Estrella: «A traxedia española non é unha traxedia».

🎭 *A filla do capitán*



Baixo este punto de vista adquire sentido a triloxía de *Martes de Carnaval*, para Joaquín Casaldueiro «expresión dun derrubamento»:

Partiendo del 98, *Las galas*, pasamos por los años del pistolero de Barcelona, Martínez Anido y Dato, de 1917 a 1921, y llegamos al Directorio Militar, 13 de septiembre de 1923. Es la cronología de la más completa desmoralización (...). Pasamos del soldado de *Las galas* a los oficiales de *Los cuernos* y vamos a parar al General. (Casaldueiro, 1972: 283)

A distorsión do espello cóncavo aplícaa Valle a toda a historia española, que n'A filla do capitán pasa a primeiro plano: non é xa o pano de fondo, como noutros esperpentos. A ditadura de Miguel Primo de Rivera xustifícase pola defensa dos intereses privados e as paixóns máis baixas, agochadas pola retórica da «salvación nacional». O detonante é o asasinato de Polo de Cartaxena, para o que se inspirou no famoso crime do capitán Sánchez, arrestado, xunto coa súa filla, polo homicidio e despezamento de Rodrigo García Jalón. Artificiosamente establece unha relación causa-consecuencia entre dous feitos separados por un decenio (1913-1923).

O procedemento responde á visión panorámica da temporalidade histórica que se atopa tamén en *Lucas*. Esta caprichosa vinculación é unha creación do autor, que se serve dos elementos máis macabros do crime —como a alusión ao canibalismo no alcume «Costelas de Sarxento»— pero tamén doutras miudezas como a ficha de xogo roubada. O suceso tivo unha gran repercusión nos xornais da época, pero non deixa de ser rechamante que n'A filla do capitán a crónica «negra» desemboque na crónica histórica, como se para Valle a primeira fose a pedra de toque da altura moral da milicia.

Hai ademais unha base histórica na trama, porque existiu unha investigación sobre o desastre de Annual (xuño de 1921) na guerra de Marrocos, que seica implicaba ao propio rei. A complicidade do monarca co golpe de estado, real ou ficticio, está ben clara no desenlace:

Ilustrísimo Señor Bispo: Señoras e Señores: As mostras de amor que nesta hora recibo do meu pobo son, sen dúbida, a expresión do sentimento nacional, fielmente recollido polo meu Exército. Tede confianza no voso Rei!

Co rebaixamento que é típico en Valle conclúe:

O antigo Réxime é un friame e os friames non resucitan.

Resulta evidente o antimilitarismo que percorre *Martes de Carnaval* e culmina n'A filla do capitán. Os valores representativos do exército (heroísmo, honor, patriotismo) son desmontados ao longo da triloxía. O diálogo deste esperpento é particularmente elusivo porque Valle proporciona todas as claves da súa contemporaneidade:

- Participación dos militares na vida política.
- Rexeitamento do réxime parlamentario por parte do exército.
- Implicación política da prensa.
- Cuestionamento da liberdade de prensa en certos sectores da vida pública.
- Aquiescencia da burguesía e indiferenza do pobo.
- Complicidade da Igrexa.

Os protagonistas individuais (Juanito Ventoleira, Friolera) de *Martes de Carnaval* dan paso n'A filla do capitán a un protagonista colectivo e os baixos fondos do «Madrid moderno», mesturándose co exército e a prensa, nunha trama vertixinosa: xogo, crime pasional, escándalo sexual, manipulación informativa... Cun balbordo carnavalesco desaparecen as xerarquías sociais e as leis quedan en suspenso, tal e como sinala Bajtin¹⁰. O *dramatis personae* percorre todo o estamento militar, dende o xeneral ao axudante, pasando por coroneis e sarxentos, xunto con pícaros, homes de negocios, intelectuais do Círculo de Belas Artes... Todos se igualan nun desfile de Entroido que reflicte a propia situación do país: observadores curiosos, participantes activos ou buscadores de vantaxes adoptan matices nunha complicidade colectiva que, non obstante, exclúe todo xuízo moral. O esperpento está para amosar que na indignidade non hai diferenzas.

Cando Valle pon os personaxes a falar, deixa primeiro que a súa vacuidade quede ao descuberto. Coma monicreques, uns e outros semellan repetir palabras sen ningún sentido. A mestura do elevado e do grotesco rebaixa calquera tentación de solemnidade.

O XENERAL

Sinibaldo, sairemos ao paso desta acción velenosa. As Cámaras e a Prensa son os dous focos de onde parte toda a insubordinación que aqueixa, enganándoo, ao pobo español. Sempre fun inimigo de que os organismos armados actúen en política, non obstante, nesta ocasión síntome impulsado a cambiar de propósito. Precisaremos un diplomático e vostede non o é. Toque vostede o timbre. E o friame?

O CAPITÁN

Empaquetado, pero sen decidirme a facturalo.

Pero tamén os desconcertantes cambios de rexistro lingüístico, as altisonantes declaracións na boca dos esfarrapados, fan un efecto distorsionado e absurdo:

O MANGANTE

Que perdín a cor?

A SINI

E tanto!

O MANGANTE

Sería a causa das miñas ideas! As pompas monárquicas son un agravio á dignidade cidadá.

A SINI

Sáesme agora con esa fantasía.

No desenlace, o final aberto deixa o crime sen resolver, agochado ao estilo «norteamericano». A morte é un avatar máis nas circunstancias da vida, sen traxedia, sen transcendencia. Igual que no *Retablo*, como en tantas obras do autor, avaricia, luxuria e morte artéllanse para acadar un desenlace sen gloria. A Sini e o seu

¹⁰ La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento: el contexto de François Rabelais, Madrid, Alianza Editorial, 1998.

mangante, espectadores da Historia, un coro pouco trágico de pillabáns que tamén sacaron a súa tallada, encárganse de dicir a última palabra. Despois das declaracións patrióticas, entusiastas e paifocas das damas da beneficencia, Sini é a que entende mellor o que ten diante dos ollos. Velaí á duplicidade que é tan valleinclanesca: a cerimonia banal das pompas oficiais e a retranca que a desmonta. O esperpento produce perplexidade, horror, pero sobre todo libéranos da amargura pola risa.

A SINI

Don Joselito da miña vida, rezareille pola alma! Carallete, se vostede non a espicha, habíaa espichar a Madre Patria! Escacho coa risa!

O tren Real deixaba o andén, despedido con salvas de aplausos e vítores. DONA SIMPLICIA derretíase recibindo os prácomes do Señor Bispo. Un reporteiro metía o nariz solicitando as cuartillas do discurso para publicalas en *El Lábaro de Orbaneja*.



PROPOSTAS DIDÁCTICAS

Da realidade á ficción. Un asasinato, un rapaz, dous detectives e unha morea de pistas...

No proceso de escritura son moitos os autores que acoden a feitos reais para inspirarse. Valle, en *A filla do capitán* parte dun crime amplamente difundido na época: o roubo, asasinato e despedazamento de Rodrigo García Jalón a mans de Manuel García Sánchez (Capitán da reserva e excombattente na guerra de Cuba) e a súa filla (M^a Luisa Sánchez Noguerol, planchadora e natural de A Coruña).

Nos enlaces como [Criminalia](#). La enciclopedia del crimen, recóllense todos os datos sobre as personaxes reais e todos os avatares. Hai versión en *La huella del crimen. El crimen del capitán Sánchez*, dirixido por Vicente Aranda en 1985 e protagonizada por Victoria Abril e Fernando Guillén Cuervo. O capítulo está dispoñible en [RTVE](#). Algunhas imaxes son moi explícitas.

Actividades

9. Le nalgún dos enlaces que incorporamos baixo o epígrafe de «o crime real» os feitos ocorridos en 1913. Recolle os datos reais e compáraos cos da versión literaturizada por Valle.
10. Na literatura temos varios exemplos de obras que parten da prensa, por exemplo: *Contos por palabras* de Agustín Fernández Paz, *A cabeza da medusa* de Marilar Aleixandre, *Anxos en tempos de chuvia*, de Miguel Vázquez Freire, *Relato de un naufrago* de Gabriel García Márquez... Explica brevemente as diferencias entre un texto narrativo literario e unha noticia xornalística.
11. Félix Fénéon, tras desempeñar diferentes oficios como administrativo no Ministerio da Guerra, foi redactor da *Revue Blanche* e xornalista en *Le Figaro*. Empeza en 1906 a publicar en *Le Matin* unha columna á que titula *Novelas en tres liñas*. O termo «nouvelles» en francés utilizábase para novelas e noticias. Este autor condensaba as noticias. Le algunhas delas:

«Cargados con el peso del bronce, la vajilla, la ropa y los tapices, dos ladrones fueron arrestados, de noche en Bry-sur-Marne»

FÉLIX FÉNÉON: *Novelas en tres líneas*, Impedimenta, Madrid, 2011 páx. 30

«Había doce mil francos en la caja fuerte de la casa parroquial de Montfort (Marne). Unos ladrones se los han llevado.» páx. 40

«Los niños Fassiot y Valot, de Nangis (Sena y Marne) habían puesto alegremente unos troncos sobre los raíles: el tren de mercancías descarrió» páx. 114

Estas narracións condensadas, esenciais, son similares á escrita en Twitter. Proba a recoller en 140 caracteres o argumento de cada unha destas dúas obras teatrais.

Ligazóns ás noticias sobre o crime de Rodrigo García Jalón:

- ▶ <http://criminalia.es/asesino/el-crimen-del-capitan-sanchez/> Exhaustivo relato do crime.
- ▶ http://elpais.com/diario/2009/07/20/madrid/1248089065_850215.html
- ▶ <http://historiasdehispania.blogspot.com.es/2006/10/antoito.html> Narración simpática do crime e datos históricos
- ▶ <http://www.rtve.es/fotogalerias/huella-del-crimen-crimen-del-capitan-sanchez-caso-prensa/98616/> Imaxe da publicación da noticia do crime a prensa do momento
- ▶ <http://www.rtve.es/alacarta/videos/la-huella-del-crimen/huella-del-crimen-crimen-del-capitan-sanchez/1511203/>

A linguaxe do esperpento: reflexións do tradutor

O esperpento non pode separarse do seu elaborado estilo. A lingua serve ao propósito satírico e grotesco do autor porque nas palabras agóchase o conflito entre o que se declara e a esencia de cada personaxe. Antirrealista nisto como en case todo, Valle crea unha lingua literaria propia, con materiais de aluvión, enfática e desgarrada, poética e provocativa. Serían precisos demasiados adxectivos para caracterizala en xustiza.

Poucos escritores poden comparárselle na riqueza de vocabulario, empezando polos galeguismos tirados do galego da súa infancia, e que tamén está presente na sintaxe e na prosodia. Admíranos o seu coñecemento dos baixos fondos madrileños e do seu argot, que dignifica literariamente (como sinala García de la Torre, 1986: 24) ao combinalo coas reminiscencias modernistas e a súa sofisticación lingüística. Coa materia prima que lle proporcionan as palabras, no teatro crea diálogos dinámicos, obscenos moitas veces, sentenciosos ou violentos, nos que os personaxes quedan caracterizados maxistralmente por unha única intervención ou pola súa fala maquinal, combinando e contrastando rexistros lingüísticos que reforzan ou destrúen a acción dramática.

DONA SIMPLICIA

Viva o Rei intelectual! Morra o ateísmo universitario!



© Ilustración de *La hija del Capitán*. *Esperpento*. Madrid, Rivadeneyra, La Novela Mundial, nº 72, 28 de xullo de 1927. Cátedra Valle-Inclán

Cantas veces non temos dificultades para seguilo nese barullo de dobres sentidos e xogos de palabras!

Este é un achegamento ben pouco ambicioso ao que é seguramente un dos sinais de identidade de don Ramón. Pero doutores ten a Igrexa...! Neste caso, parece máis pertinente deixar falar o tradutor da obra, Manuel Cortés, que ten reflexionado moito sobre o ir e vir de Valle ao galego.

Nunha conversa comentounos aspectos ben interesantes sobre a tradución, que tentamos recoller no seguinte texto:

O fito de traducir a Valle ao galego xa foi cuberto recentemente por Quico Cadaval, pero cumpría facelo para as institucións, para o teatro público, e para iso se escolleron dúas pezas do *Martes de Carnaval*: *A filla do capitán* e *As galas do defunto*.

Traducir a obra de Valle ao galego non é difícil, inda que poda *a priori* parecelo. O vocabulario sempre é traducible, a non ser que sexa xerga, e é aquí onde reside o problema. Tomemos como exemplo *A filla do capitán*, na que a dificultade vén xerada polas normas de uso en cada lingua: en primeiro lugar temos o que en castelán se entende por «norma castiza» ou castizo, moi arrai-gado, que se recoñece nos madrileñismos ou nun «xeito castizo» de falaren os personaxes; en segundo lugar, engádeselle a isto a xerga típica do lumpen que Valle rescata. Esta «norma castiza» con trazos de lumpen, o galego non a ten, xa que o que nós manexamos é un galego de norma culta: isto é o que crea escollos na tradución de certas palabras e expresións.

Vexamos que ocorre coa palabra *fiambre*, á que lle demos varias voltas: a súa tradución literal ao galego por «cadáver» fúrtalle connotacións, e o «fria-me» galego non ten os significados do castizo ou non se adapta por prexuízos lingüísticos (cando probei a utilizalo, chovéronme as críticas). En casos así, pode optarse por unha dobre solución. Por unha banda, utilicei *mondongo* —que non é exactamente o mesmo, pero pode relacionarse con «tripas», con «cadáver», e evoca a matanza (por exemplo, na *fritura do mondongo*)— nos casos que funciona como palabra coloquial, como algo aceptado entre os personaxes, como unha palabra clave. Por outra, podemos adoptar *cadáver* en casos nos que *fiambre* non connota nada nin ten unha función singular, nos que Valle utiliza o termo simplemente como un paralelismo de coincidencias (o personaxe fala dun *fiambre* para referirse metaforicamente a algo, e hai un *fiambre* por aí na obra): España é un cadáver, o antigo réxime é un cadáver. Esta é a dificultade de enfrontar as normas de uso: en galego só temos a norma culta, mentres en castelán existe —como en calquera lingua normalizada (ao galego aínda lle falta)— unha gran diversidade de usos lingüísticos que están aceptados e son recoñecibles.

Desfrutei deste traballo cos textos de Valle en varios momentos: desfrutei ao traducilo, ao descubrir interpretacións que se me escaparan nas primeiras versións e, sobre todo, desfrutei da sonoridade que tiña en galego ao reler o traducido.

Valle-Inclán escribía en galego (literalmente), non escribía en castelán con arquitectura galega nin con sotaque, non facía falar a personaxes finxidos que lle recordaban Galicia. Escribía ritmicamente en galego, a arquitectura sintáctica é galega ata o punto de que, cando traduces, dúbidas se estás sendo demasiado literal. Hai moitos exemplos (como a palabra *rosma* en «rosma de

gato maniático», ou a conxugación de verbos) que dende logo facilitan o labor do tradutor. Mais tamén hai casos nos que precisamos superar algúns prexuízos: como traducir *organillo*, que non existe en galego? Por *realexo*, un instrumento habitual na época en Galicia e Portugal pero moi distinto? Son palabras con ritmo e sonoridade moi diferentes, e unha preocupación que guiou esta tradución foi non perder a sonoridade e o ritmo valleinclaniano: así pois, mantívose *organillo* en cursiva na acotación (nos diálogos non sería posible), a única vez que adoptei esta solución. Porque o que fai Valle-Inclán non son propiamente acotacións teatrais (polo menos, tal e como se adoitan entender as didascalias), senón literatura moi elaborada, floritura modernista por veces, con metáforas, imaxes, palabras con sentido só recuperable do contexto: de aí que leve o mesmo tempo traducir unha acotación que o diálogo que a segue. Ler teatro adoita ser pesado, pero o de Valle (polo menos estes esperpentos) lese porque no interludio entre diálogos hai riqueza e beleza.

Como toda tradución, sobre todo teatral, o texto evolucionou ao someterse á proba da súa dicción, da súa interpretación nas táboas, mais a esa proba xa o sometera durante a súa traslación: é moi útil ser actor para traducir a Valle, ao poder «probar» o acerto da solución. Rosa Moledo, asesora lingüística da montaxe teatral, xogou un importante papel á hora de corrixir e acabar de perfilar os textos definitivos.
















Pode atoparse algunha actualización (poucas) do léxico (*bocachanca* por *boquerón*; *viruta* por *parné* ou *guita*), e hai algún sacrificio obrigado: por exemplo, no caso de COSTELAS DE SARXENTO POR CHULETAS DE SARGENTO tentouse conservar o ritmo e a sonoridade a costa de perder a connotación de «chulo, chulería» do castelán. Con todo, as maiores perdas veñen da dificultade para captar todos os significados que Valle introduce —as súas eleccións non son casualidade—, como no caso da expresión *la bruja de los mandados en la casa llana*, n' *As galas do defunto*, onde se ben se capta a referencia á mada-ma e ao bordel, difícil é percibir o significado cubano de *mandados* ('pollas') na época.

Valle reflicte nestas pezas de *Martes de Carnaval* críticas moi actuais (á prensa, ás guerras, á situación dos soldados en Cuba etc.) que reforzan a impresión de que estas obras non envellecen, como non o fixeron outras súas como *Luces de bohemia*.



© Ilustración de *La hija del Capitán*. *Esperpento*. Madrid, Rivadeneyra, La Novela Mundial, nº 72, 28 de xullo de 1927. Cátedra Valle-Inclán

A FILHA DO CAPITÃO



Do texto ao espectáculo

As didascalias

Como xénero literario, o teatro ten o seu aquel de exotismo porque, en canto texto literario, é sempre un texto incompleto ao que lle falta a materialización en espectáculo. Nunha complexa estrutura de mediación, dirección de escena e interpretación, incorpóranse para achegar a obra ao que, segundo Meyerhold, era o cuarto creador, o público.

As didascalias son textos metateatrais que orientan a representación. É habitual atopar unha extensa e chea de detalles no inicio de cada escena. Orixinal nisto como en tantas outras cousas, Valle-Inclán crea nas didascalias unhas imaxes que poden devir en escenografía, pero que tamén fan parte do texto literario. Ademais dos elementos funcionais para a representación, achega outros que parecen acomodarse mellor a unha descrición novelística. Cun extraordinario eclecticismo, incorpora referencias ao teatro de marionetas, ao cabaré, ás vangardas ou ao cine, pero tamén suxestións, referencias a cheiros..., normalmente alleos á idea convencional de teatro.

As didascalias fan referencia aos seguintes parámetros:

1. Organización e estética do espazo escénico, baseado este en diversos planos espaciais, cun dinamismo constante entre o aberto e o pechado, o interior e o exterior. A iluminación resulta fundamental á hora de crear ambientes e situacións.
2. Aparencia exterior dos personaxes. A esaxeración deformadora funciona en distintos tratamentos: cousificación, animalización, caricaturización... Nun proceso complementario, os animais resultan humanizados. Deben terse en conta a función do vestiario e da maquillaxe na creación dos personaxes.
3. Expresión corporal e xestualidade, coherente cun proceso sistemático de deshumanización e deformación grotesca dos personaxes. Moitas veces insiste nun mesmo xesto para subliñar a asimilación coa marioneta. Os movementos dos actores tamén suxiren o espazo escénico.
4. Sons de todo tipo, como a voz humana ou a música. As referencias ao ton aparecen asociadas ás reaccións máis esaxeradas.
5. Incorporación de elementos extrateatrais como os cheiros.
6. Atrezzo, conxunto de obxectos empregados na representación.

© Marta Pazos: Mapa da posta en escena d'A *filla do capitán*. Cada debuxo sinala as marcas nas que os actores teñen que comezar as diferentes escenas. Desde eses puntos comeza o movemento escénico.



PROPOSTAS DIDÁCTICAS

12. Nas didascalias seguintes, identifica e comenta os diferentes elementos que intervirían na representación:

- ▶ Espazo escénico
- ▶ Iluminación
- ▶ Vestiario e maquillaxe
- ▶ Entoación
- ▶ Expresión corporal e xestualidade
- ▶ Desprazamentos
- ▶ Son
- ▶ Atrezzo

Escena sexta d'As galas do defunto

No ceo raso, un globo de luz. Alcoba grande e pulcra, cromos e santiños polas paredes. O tálamo de ferro fundido e bólas de cristal translúcido, perfila baixo a luz, o costado onde roncaba o defunto. Na pía de auga bendita, un anxo toca o clarinete —ás azuis, faldrela movida ao vento, as rosadas pernas nun cruce de bolero—. Entra DONA TERITA quitando os postizos do moño: Detense no círculo de luz, cun gancho do pelo atravesado na boca. Resoa a casa con fortes aldrabadas. DONA TERITA, soltando as enaguas, retrocede á porta.

Escena terceira d'A filla do capitán

Unha porta aberta: Fondo de xardinciño luareiro: O rodar dun coche: O renxer dunha cancela: O glo gló dun odre que se verte: Pasos que baixan a escaleira: COSTELAS DE SARXENTO levanta un quinqué e aparece caído de costado Don Joselito. O CAPITÁN inclina a luz sobre o charco de sangue, que estende polo mosaico catalán unha mancha negra. Ilumínase o vestíbulo con rotativo escintileo de sombras: A cegoña desecada, o parasol xaponés, as cadeiras de bambú. Sobre un plano da parede, diluídos, fugaces resplandores dun cadro con todas as condecoracións do CAPITÁN. —Placas, medallas, cruces—. Ao movemento da luz todo se desbarata. COSTELAS DE SARXENTO pousa o quinqué no terceiro chanzo, inclinándose sobre o busto xacente, que verte o sangue por unha tallada fonda que ten no pescozo. O XENERAL, por tras da luz, está suspenso.

A creación dos personaxes

Unha das características que definen o esperpento é a particular visión dos personaxes convertidos en monicreques, marionetas ou máscaras, obxectos privilexiados da deformación esperpéntica. Cardona e Zahareas (1992) fan fincapé na deshumanización que afecta a estes fantoches desprovistos de calquera autenticidade. A «bonequización» á que os somete Valle artéllase como unha variada acumulación de datos caracterizadores que se poden sistematizar do xeito seguinte:

- Identifica explicitamente personaxe e monicreque.

- Ten grande importancia a prosopografía, en particular a indumentaria, moitas veces vencellada á propia esencia, porque o exterior correspóndese co ser interior. É moi habitual o tratamento feísta da aparencia.
- Hai animalización ou cousificación.
- Prodúcese desvalorización psicolóxica ou ética.

🕒 Deseños para a caracterización e a maquillaxe da Boticaria e da Prostituta.
Esther Quintas Salgado





PROPOSTAS DIDÁCTICAS

13. Nas didascalias seguintes, comenta cales son os procedementos de construción do personaxe. Indica ademais os elementos extrateatrais que atopes.

Escena segunda d'As galas do defunto

Farmacia do licenciado Sócrates Galindo. A BRUXA do tapado, coa carta da DAIFA, pousa o voo no fulgor da pupila máxica, que proxecta sobre a beirarrúa o ollo do boticario. Por unha punta do embozo, as unllas negras, os dedos raiados do iris, oprimen a carta da coiruda. A mandadeira mete a cabeza curuxa polo van da porta, pegada a un canto. Malla no morteiro un zoupas de mandilón e alpargatas.

Escena derradeira d'A filla do capitán

O MONARCA asomado pola ventaiña do vagón contraía cun sorriso belfo a carauta de unto, e repousaba os ollos palerma sobre a delegación de beatas catequistas. Aplaudiu con franqueza a fin do discurso, sacando a figura amiñocada e unha voz de cana oca.

14. Para traballar na idea de caracterización, escolle un destes fragmentos e propón unha caracterización dun personaxe. Podes debuxalo, facer un collage ou dramatizalo.
15. Valle-Inclán elabora especialmente os nomes dos seus personaxes, polo que a mera revisión dos *dramatis personae* das súas obras provoca mesmo perplexidade. Moitas veces atópanse identificados non como individuos, senón polo status social, profesión, ideoloxía..., como no caso de O BOTICARIO ou UN PATRIOTA. Hai tamén hipocorísticos, igualmente transparentes (A SINI), patronímicos peculiares (SINIBALDO) ou alcumes (O TAPABOCAS). Outros resultan rechamantes, pola súa sonoridade como SÓCRATES GALINDO. Noutros como JUANITO VENTOLEIRA vese a reminiscencia da elaboración paródica.

Fai unha listaxe daqueles que che chamen máis a atención e:

- a) Investiga sobre a procedencia, orixe e/ou etimoloxía do nome.
- b) Describe fisicamente os teus personaxes; tenta reproducir o estilo das didascalias de Valle.

Antes e despois. Somos espectadores

Mira e escoita: Para antes da representación...

Vas asistir a unha representación teatral. No caso de *Martes de Carnaval*, achegaraste a un autor, Valle-Inclán, que ten unha proposta moi persoal. Tamén a directora, Marta Pazos, e todo o seu equipo técnico deixaron a súa pegada particular na posta en escena. Por iso, reparar en certos detalles fará a túa experiencia máis rica.

Velaquí unhas poucas pistas

- ▶ Unha advertencia antes de comezar: tanto a tradución como a representación son moi fieis á obra, e respectan a forma como a concibiu Valle. Só anotaremos dous cambios de pouca importancia: o galopín da botica e o barbeiro convertéronse en galopina e barbeira.
- ▶ Vas ver dous **esperpentos**, estética «inventada» polo propio Valle-Inclán. Fíxate nos seguintes aspectos característicos:
 - No esperpento os seres humanos son vistos como **marionetas** e manipulados como tales.
 - Moitas veces xa non son bonecos, senón que se transforman en meras **siluetas** que atravesan a escena.

🎭 *As galas do defunto*



- Son fundamentais as **didascalias**, as indicacións para a representación. Estes textos, moi coidados, complexos e fermosos, caracterizan absolutamente o estilo valleincliniano. Aparecerán incorporadas á representación de xeitos diversos: na pantalla situada enriba do escenario, ou mesmo lidas directamente.
- Valle empregou a metáfora do **espello cóncavo** para que visualicemos unha realidade deformada. Fíxate como foi trasladada esta idea á escenografía.
- Valle entendía o teatro cunha idea de «arte total». Outras dúas manifestacións artísticas que lle interesaban moito eran o cine e a pintura. Para que vexas ata que punto era un autor moderno, ten en conta que o sétimo arte era recente (a primeira proxección cinematográfica en Madrid foi en 1896) e por riba, moi pouco respectado.
- Observa como aparecen algúns **recursos cinematográficos**: cámara lenta, cámara parada ou fundido en negro.
- N'A *filla do capitán*, un acontecemento determinante está representado como nun plató de cine. Cal é e por que?
- Tense falado moito da relación do esperpento con Goya. A Valle gustáballe a **pintura** e tivo moita relación co mundo artístico da súa época. O teatro é en gran medida unha arte visual: verás escenas concibidas como cadros, por exemplo o desenlace d'*As galas do defunto*. Non queremos facer un *spoiler* pero, non che recorda nada?

☞ A filla do capitán



- ▶ A **luz** no teatro crea ambientes, suxire accións, caracteriza os personaxes... Apóiase tamén nas **cores** da escenografía.
 - *As galas do defunto* é unha obra pensada en branco e negro combinados con azul. Que uso simbólico ten a cor?
 - N'A *filla do capitán* predominan o amarelo e o vermello. Que valor terán esas dúas cores?
 - Fíxate nos momentos en que un personaxe concentra a luz no escenario. Que significados percibes?
- ▶ A **música** é tamén moi potente á hora de enriquecer a acción dramática. Percibirás unha grande diferenza entre as dúas obras.
 - *As galas do defunto* teñen un ambiente musical con percusións tradicionais galegas, música de Entroido e melodías que evocan o pasado cubano de Juanito.
 - N'A *filla do capitán* atopamos música electrónica e marchas militares. Que relación establecen coas tramas?
- ▶ No **vestiario** hai pezas moi singulares que caracterizan os personaxes en canto á súa clase social, a súa profesión... Asocia cada personaxe coa súa vestimenta e di que información de el proporciona.

🕒 *As galas do defunto*





- ▶ Valle foi tido durante moito tempo por irrepresentable. Ao mellor é que á xente lle faltaba algo de imaxinación, pero el tíña de sobra. Un exemplo: sempre hai animais no seu teatro, desde ratos a cabalos. En *Martes de Carnaval* hai sobre todo paxaros. Neste particular zoolóxico, cantos animais podes atopar e como aparecen?

🎭 *A filla do capitán*

Reflexiona e comenta: para falarmos despois de ir ao teatro. A charla no ambigú

Tras contestarmos o cuestionario anterior, podemos poñer en común as conclusións. Estas poden levar á súa vez a outras preguntas como as seguintes:

- ▶ Na escenografía d'*As galas do defunto*, que significado ten a cor azul no chan? Pensa noutros elementos da escenografía cun valor simbólico.
- ▶ Por que se introduciron os cigarróns?
- ▶ Está representada a morte dalgún xeito?
- ▶ N'*A filla do capitán* hai unha variedade de suxestións ao exército, máis evidentes ou máis sutís. Cales advertiches?
- ▶ Hai unha escena moi interesante na que os personaxes se transforman en bólas de billar. Que significa este tratamento tan particular?
- ▶ Comparando as dúas obras, obsérvase un cambio de tempo histórico e tamén de estética: a primeira está ambientada a finais do século XIX, a segunda é contemporánea. Valle tratou dous tempos moi próximos entre si, pero na posta en escena amplíase este salto temporal. Que intención ten a directora ao facelo? De que xeito identificas cada tempo histórico?

🎭 *A filla do capitán*



A montaxe do CDG

ELENCO



Iria Azevedo




César Cambeiro



Mercedes Castro



Anabell Gago



Miquel Insua



Alejandro Jato



Pablo Rivero Madriñán



María Roja



Machi Salgado



Sergio Zearreta

DIRECCIÓN
Marta Pazos

MOVIMENTO
Rut Balbís

ESCENOGRAFÍA
Fernando Ribeiro

VESTIARIO
Uxía Vaello

ILUMINACIÓN
José Álvaro Correia

CARACTERIZACIÓN
Esther Quintas Salgado

TRADUCCIÓN
Manuel Cortés

ASESORÍA DE DRAMATURXIA
Hugo Torres

ASESORÍA LINGÜÍSTICA
Rosa Moledo

TRABALLO DE PALABRA
Ernesto Arias

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN
Gena Baamonde

ASISTENCIA DE ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN
José Faro «Coti»

ASISTENCIA DE VESTIARIO
María Villas

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN
José Díaz





Esta posta en escena

Neste 2017, cando se cumpren 80 anos da morte de Valle-Inclán, podemos por fin ver as súas obras representadas en galego. En 1998, no centenario da Xeración do 98, o CDG representou catro obras do dramaturgo no castelán orixinal, xa que non era posible doutro xeito: *La cabeza del Bautista*, *El embrujado*, *Ligazón* e *Las galas del difunto*.

📌 Marta Pazos: Directora da obra

Esta posta en escena conta coa dirección de Marta Pazos, e faise sobre a tradución do texto de Manuel Cortés. Toda representación teatral é realmente unha lectura persoal, unha interpretación dun texto complexo, ademais dun traballo en equipo; por iso, quixemos coñecer a percepción que da obra teñen os artífices da posta en escena. Estes son os textos que elaboraron.

Texto de Marta Pazos, directora da obra

WELLCOME TO SPAIN

Onte lin no Facebook un meme que dicía «España é como o Titanic pero cos pasaxeiros aplaudindo».

Martes de Carnaval é historia de España. Preséntanse neste proxecto, por primeira vez en galego, dous dos esperpentos de Valle-Inclán, *As galas do defunto* e *A filla do capitán* atacan directamente os poderes militares, políticos, monárquicos e eclesiásticos. A historia comeza cunha muller obrigada a exercer a prostitución como consecuencia da guerra e remata co discurso do rei. Entre estas dúas realidades atopamos o retrato escuro, trágico e lúcido dun país.

Espero nesta montaxe ser tan radical e valente como o foi Valle-Inclán cando escribiu estas pezas. Non ten moito sentido facer teatro doutro xeito. Quero neste *Martes de Carnaval* xogar cos símbolos dunha cultura que non sei se me representa: abrazar a tradición; fuxir da superstición; empaparme do grotesco; gozar da beleza; deleitarme coa palabra; respirar irreverencia; e meterme nos zapatos de tódolos personaxes, tanto dos que respecto como dos que deploro. Quero aprender. Quero compartir. Quero amar. Quero construír. Quero xogar. Quero facer teatro.

As dúas pezas que veredes están levadas á escena polo mesmo equipo creativo e interpretadas con risco e implicación polo mesmo elenco. Na nosa vontade está traballar linguaxes e estéticas diferentes en cada unha das propostas.

